

AXUDAS PARA A CONTRATACION DE PERSOAS MOZAS MENORES DE 30 ANOS MEDIANTE CONTRATOS FORMATIVOS 2024

Estas axudas da Xunta van dirixidas ás **empresas** que contraten **persoas menores de 30 anos desempregadas** mediante contratos de formación en alternancia ou contratos para a obtención da práctica profesional, tanto para novas contratacións como as feitas dende o 01 de decembro de 2023 ata a publicación da orde. A duración deberá ser como **mínimo de 12 meses** e a **xornada completa**. Estas axudas consisten nun **incentivo pola contratación** que pode ir **dende 9.975 euros ata 16.625 euros** segundo o grupo de cotización do traballador, ou ben, un **incentivo pola formación** cando o traballador acade formación **en competencias brandas** dunha **duración mínima de 50 horas**, sendo de **1.700 euros para formación presencial**, ou **850 euros no caso de teleformación**.

Estas axudas estarán vixentes ata o 30 de setembro de 2024.